

# A DEFENSA DO SOUTO E A PLANIFICACIÓN DE NOVAS PLANTACIÓNS

Esteban Sinde Stoppel\*\*

Os soutos constitúen o maior símbolo da simbiose entre o home e a natureza, sendo soutos e castiñeiros elementos moi representativas da paisaxe e do xeito de vida da poboación galega durante séculos. Sen embargo, as pragas e enfermidades que comezaron a atacar estas árbores, mermaron a súa saúde e, por ende, a súa presenza na nosa paisaxe.

As castañas, que foran a base da alimentación de varias xeracións, perderon protagonismo debido ao avance de enfermidades como a tinta ou o cancro, que reduciron significativamente o número de castiñeiros en Galiza. Á desaparición dos soutos foi sinalada polo Marqués de Ensenada en 1752, por mor da tinta, nas rías e nas zonas baixas de Galiza. A isto sumouse a chegada do cancro, que fixo auténticos estragos nuns soutos xa demoucados.

A pesar deste punto de partida, grazas á produción de castiñeiros en viveiros, na actualidade existe a posibilidade non só de recuperar unha das especies máis características da paisaxe galega, senón de facelo sen temor á tinta, pois coa produción de castiñeiros híbridos – *C. sativa* e *C. crenata*– lógranse variedades superiores de árbores que poden plantarse en calquera lugar de Galiza, mesmo na costa.

## UN FUTURO DE SOUTOS

O souto, como o ecosistema de maior diversidade estudado (Gutián J., "O Courel") permite a produción de castañas, cogomelos (no caso dos castiñeiros micorrizados con *Boletus edulis*) e protexe as vivendas perante os lumes, polo que a planificación de faixas verdes ao redor de vilas e cidades acada fins paisaxísticos, económicos e ecolóxicos. Esta acción supón, ademais, o cumprimento da Lei de incendios, que esixe respectar unha faixa perimetral de 100 m sen especies como piñeiros ou eucaliptos ao redor de núcleos de poboación.

## A ELECCIÓN DOS CASTIÑEIROS

En primeiro lugar, é preciso escoller o tipo de planta máis axeitado á climatoloxía e aos aproveitamentos que poñan ter as árbores. Nas zonas baixas de Galiza (por debaixo dos 600 m. s.n.m), só os castiñeiros híbridos ofertan unha garantía de resistencia á tinta, pois, por norma xeral, o castiñeiro do país (*C. sativa*) adoita morrer en poucos anos debido a esta enfermidade. Ademais, os híbridos son máis resistentes ao cancro, comezan a produción de castaña aos 2-3 anos de estar plantados e presentan un medrio superior ao *C. Sativa*.

En segundo lugar, cabe valorar a finalidade da produción de castiñeiros: madeira ou froito. Segundo a súa finali-



Plantación de castiñeiros híbridos micorrizados de 30 anos de idade en Hifas da Terra, Portamuiños – Bora, Pontevedra.

dade empréganse marcos de plantación máis xuntos para madeira (5x5 ou 6x6 m) e máis distantes para froito e creación de faixas verdes (7x7, 8x8 ou 10x10 m).

## CASTAÑOS, CASTAÑAS E COGOMELOS

Á hora de seleccionar a planta en función da castaña cómpre elixir entre variedades temperás e de grande calibre (híbridos da Colección Terra e INRA-Marigoule, Bouche de Betizac, etc.), ou decantarnos polo grande sabor das variedades tardías e tradicionais como a Famosa, a Negral, a Longal ou a Xudía. En calquera caso, nas zonas baixas de Galiza só os castiñeiros híbridos garanten a resistencia á tinta, certa resistencia ao cancro e producións de castaña en 2-3 anos.

Tendo en conta que as plantacións de máis de 10 anos poden producir 3.000 kg/ha anuais de castaña e 250 kg/ha de Boletus, os beneficios dos castiñeiros micorrizados permitirán, sen dúbida, recuperar os nosos soutos.

\* Esteban Sinde Stoppel é biólogo, diplomado en Enxeñería medioambiental e planificación territorial, e director do Departamento de Medio Ambiente de Hifas da Terra S.L. Portamuiños 7 Bora 36154 Pontevedra Tfnos: 986861087 Fax:986260627 e-mail: info@hifasdaterra.com www.hifasdaterra.com



Souto de castiñeiros centenarios demoucados na Serra do Courel.